



DECRETO DA ALCALDÍA. Ourense 21 de setembro de 2017

Visto o informe-proposta, de data 23 de agosto, elaborado pola titular do Órgano de Xestión Económica e Orzamentaria (Decreto nº 20170025448 de 21/08/2017), refrendado pola Sra. Concelleira Delegada de Facenda, en relación coa solicitude de aprobar unha xeración de crédito feita pola Concelleira Delegada en funcións de Promoción Económica, Recursos Europeos e Formación Ocupacional (Decreto nº 2017005215 de 04/08/2017), mediante providencia de data 22 de agosto, en uso das atribucións que me confire o artigo 124 da Lei 7/1985, de 02 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, artigo 181 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 05 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais e demais disposicións que a desenrolan, así como o artigo 16º das Bases de Execución do Orzamento Municipal vixente, a data da presente, **ACORDO:**

1.- Aprobar a modificación orzamentaria 24-X/2017, utilizando a figura das xeracións de crédito, de acordo co seguinte detalle:

| APLICACIÓN DOS FONDOS | | |
|------------------------------|--|----------------|
| <u>APLICACIÓN</u> | <u>DENOMINACIÓN</u> | <u>IMPORTE</u> |
| N110.2411.22631 | Obradoiro de emprego Montealegre II. Gastos diversos | 13.248,00 € |
| N230.2411.13100 | Persoal lab. temp. Obradoiro de emprego | 59.133,93 € |
| N230.2411.16000 | Cota patronal S. Soc. Obradoiro de emprego | 8.756,70 € |
| TOTAL..... | | 81.138,63 € |

| ORIXE DOS FONDOS | | |
|-------------------------|---|----------------|
| <u>CONCEPTO</u> | <u>DENOMINACIÓN</u> | <u>IMPORTE</u> |
| 45053 | Subv. Xunta Obradoiro de emprego Montealegre II | 81.138,63 € |
| TOTAL..... | | 81.138,63 € |

2.- Crear o seguinte proxecto específico de gasto:

Código: 17.2.11.02

Título: Programa Obradoiro Emprego Montealegre II

Importe: 134.260,90 €

Período de execución: 25-09-2017 / 24-04-2018

Aplicacións orzamentarias de gasto:

| | | |
|-----------------|--|-------------|
| N110.2411.22631 | Obradoiro de emprego Montealegre II. Gastos diversos | 66.370,27 € |
| N230.2411.13100 | Persoal laboral temporal Obradoiro de emprego | 59.133,93 € |
| N230.2411.16000 | Cota patronal S. Social Obradoiro de emprego | 8.756,70 € |

Financiación:

Subv. Xunta Programa Obradoiro de emprego Montealegre II (concepto de ingresos 45053): 81.138,83 €

Concello de Ourense (recursos propios): 53.122,27 €

Axente: Xunta de Galicia (S1511001H): 81.138,63 €

Vinculación: Cualitativa e cuantitativa

3.- Dar traslado do presente acordo á Tesourería Municipal aos efectos contables oportunos.

O manda e asina o Alcalde-Presidente do que eu, Oficial Maior, dou fe.

